



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

Lugar: Casa do Concello

Data: 14 de novembro de 2012

Hora de comezo: 20.30 h

Hora de remate: 21.45 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera .
Don Manuel Mouriño Varela .
Don Antonio González Barral .
Dona María Dolores García Couto .
Dona Sonia Rodríguez Midón .
Don Jesús José Santasmarinas Devesa .
Dona Raquel García Fraga .
Dona Adela Redondo Rendo.
Don Xabier Canabal Fernández .
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Don Adolfo Gacio Vázquez

No salón de sesións da Casa do Concello presidindo o alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Informe morosidade terceiro trimestre 2012**
- 3. Non dispoñibilidade do importe das pagas extras decembro 2012**
- 4. Modificación da ordenanza reguladora do carné de venda ambulante e mercados-feiras no Concello de Boqueixón**
- 5. Modificación do artigo 6 apdo 1 da ordenanza reguladora do IBI**
- 6. Aceptación renuncia presentada por Espina&Delfín e arquivo expediente (revisión de oficio acordo 14-03-2012)**

7. Aprobación definitiva dos nomes de rúas en Lestedo
8. Incremento subvención destinada a APA (partida 363.480.00 do presuposto)
9. Dar conta do Decreto da Alcaldía delegando competencias na Xunta de Goberno.
10. Aprobación retribución alcalde
11. Mocións número 12/2577, 12/2578 e 12/2579 presentadas polo Concelleiro Xabier Canabal
12. Información da alcaldía.
13. Rogos e Preguntas.

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Cos votos a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 26 de outubro do 2012.

2.Informe morosidade terceiro trimestre 2012

Dáse conta do seguinte informe de morosidade correspondente ó terceiro trimestre 2012:

a) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago pola entidade .

Pagos realizados en el trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período mediopago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes y Servicios	34,983	10,1681	216	245.306,24	29	43.078,03
Aplicados a Presuposto (Cap. 2) por artigos	34,983	10,1681	216	245.306,24	29	43.078,03
20.- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0	0	0,00
21.- Reparación Mantemento e Conservación	35	14	89	93.523,93	6	1.743,33
22.- Material Subministro e Outros	35	10	112	150.870,48	19	41.268,20
23.- Indemnización por razón del servizo	30	14	15	911,83	4	66,50

24.- Gasto de publicaciones	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos y funciones no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2.- Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar ao Presupuesto						
Inversiones reais	30		2	35.460,18		
Aplicados a Presupuesto (Capítulo 6)	30		2	35.460,18	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Outros pagos realizados por operaciones comerciales	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL pagos realizados en el trimestre	34,4374	10,1681	218	280.766,42	29	43.078,03

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagados en el período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Corrientes en Bens e Servicios	0	0,00
Inversiones reais	0	0,00

Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0,00
Sen desagregar	0	0,00
Total	0	0,00

Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago al final del trimestre	Período medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Período medio del pendiente de pago excedido(PMPPE) (días)	Pendentes de pago a final del trimestre			
			Dentro período legal pago a final del trimestre		Fora período legal pago a final del trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gasto en Bens Correntes y Servicios	15	0	3	12.611,05	0	0,00
20.- Arrendamentos y Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21.- Reparación Mantemento y Conservación	15	0	3	12.611,05	0	0,00
22.- Material Subministro y Outros	0	0	0	0	0	0,00
23.- Indemnización por razón do servizo	15	0	4	66,50	0	0,00
24.- Gasto de publicacións	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos e funciones no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2.- Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0	0	0	0,00	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL operacións pendentes pago final trimestre.	15	0	3	12.611,05	0	0,00

Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con más de tres meses de su anotación en rexistro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendentes de recoñecemento obrigas	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0	0,00
Inversións reais	0	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0,00
Total	0	0	0,00

B)

Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais..
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- CONSIDERACIÓNS

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítase o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que:

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xullo e 30 de setembro de 2012 obtense a seguinte información:

- a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	218	29
Importe total	280.766,42	43.078,03

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre. (art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	3	0
Importe total	12.611,05	0

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (art. 5º.4 Lei 15/2010):

Número de operacións: 0

Importe total: 0

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.
- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

Boqueixón, 31 de outubro de 2012

O administrativo/tesoureiro/a

Interventor/a

O señor Canabal di que non ten nada que alegar pero pregunta cales son os pagos efectuados fóra do prazo, ao que responde a secretaria que nese intre non lle pode responder pero que llo comunicará unha vez feita a consulta ó Tesoureiro.

3.Non dispoñibilidade do importe das pagas extras decembro 2012

En relación coa aplicación polas entidades locais do disposto no apartado 1 do artigo 2 do Real Decreto Lei 20/2012 de medidas para garantir a estabilidade presupostaria, que establece a obriga de reducir as retribucións anuais de 2012 do persoal ao servizo do sector público, no importe correspondente a paga extraordinaria a percibir no mes de

decembro, as cales, segundo o apartado 4 do citado artigo 2, se destinarán en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúa a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

Este apartado establece a obriga de:

1) Inmobilizar, no presente exercicio, o créditos previstos para o abono das citadas pagas.

2) Afectar estes créditos ao fin que no propio artigo se cita (achegas a plans de pensións ou similares), sen que poidan destinarse a ningún outro obxecto, nin no presente exercicio, nin en exercicios futuros.

O acordo de inmovilización e non dispoñibilidade non supoñerá a anulación do crédito, pero con cargo ao saldo declarado non dispoñible non se poderán acordar autorizacións de gastos nin transferencias e o seus importe non poderán ser incorporados ao presuposto do exercicio seguinte.

O señor Canabal di o seguinte: “Vaia por diante que non estou nin estarei de acordo co Real Decreto – Lei 20/2012 polo cal o Goberno Central rouba a paga extraordinaria aos funcionarios e traballadores públicos. Mais tamén considero que non é este o foro máis axeitado para facer oposición.

Máis aló doutras consideracións, a proposición da alcaldía está en consonancia coa nota informativa do Ministerio de Facenda e Administracións que se adxunta á propia proposta. Dende este prisma, non debe haber ningunha consideración.

Máis unha vez analizado esta nota informativa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas si chama a atención dous dos seus parágrafos:

“Os importes das retribucións a percibir polo persoal no presente ano non superarán, en ningún caso, e en termos de homoxeneidade, os abonados no ano 2011, minorados na contía das pagas a suprimir.

A adopción de actos ou acordos que supoñan o incremento de calquera concepto retributivo (produtividade, incentivos ao rendemento, etc) tales como modificacións orzamentarias aprobadas para transferir crédito dende outros capítulos do orzamento ao capítulo 1 “gastos de persoal”, que teñan como efecto o incumprimento das obrigas indicadas anteriormente, poderán ser obxecto de impugnación”.

Á vista destes dous preceptos sinalados, ¿pode considerarse o reparto do plus de produtividade impugnabile?

Digo isto, porque tendo en conta que no pasado ano non houbera plus de altos cargos, os soldos dos traballadores neste ano si superan os aboados en 2011 minorados na contía da extra de decembro como se di na nota informativa do ministerio

Responde, ó señor Canabal, a Secretaria, dicindo que este complemento está previsto no presuposto e mesmo nas bases de execución do presuposto. Non obstante sí pode ser impugnado e no seu caso habería que reintegralo.

O señor Calvelo di que “ non estamos de acordo coa política de recortes do señor Rajoy. Con recortes e máis recortes non solucionamos a crise que estamos a padecer. Recortes en sanidade, en educación, en servizos sociais...Isto non para aquí. Todos os analistas nos auguran un 2013 moito peor.

Non obstante unha vez aprobada a lei de supresión da paga extra de Nadal, o normal é que se aplique a todos os funcionarios por igual.

A solución á crise está na adecuada xestión dos ingresos e dos gastos, tanto a nivel do noso país como do noso concello. Hai que pensar ben en que se van a gastar os cartos, que son de todos non soamente dos políticos que os xestionan.

O señor Rajoy di que para o 2014 ¡sairemos da crise! ¡Qué inxenuo! Non se da conta de que non sairemos desta crise mentres a señora Merkel non o decida.

Esta señora esquece que o seu país, despois da II Guerra Mundial quedou arrasado, e que gracias ó Plan Marsall, Alemaña recibiu miles de millóns de dólares de axuda. Disto non se acorda a señora Merkel.

O señor alcalde di que lle gustou o discurso do señor Calvelo e pregúntalle quen meteu o país na crise, se o PP ou a señora Merkel.

Segue dicindo que se o señor Zapatero adoptara as medidas necesarias, agora estaríamos mellor.

O señor Calvelo responde que co señor Zapatero estábamos mellor.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención de ANOVA e PS de G, acórdase:

a) A inmovilización, e polo tanto a non dispoñibilidade no presente exercicio, dos créditos previstos para o aboamento da paga extraordinaria do mes de decembro, polo importe seguinte: 43.660.86 euros

b) Afectar estes créditos ao fin que no propio artigo se cita (achegas a plans de pensións ou similares), sen que poidan destinarse a ningún outro obxecto, nin no presente exercicio, nin en exercicios futuros e os seus importes non poderán ser incorporados ao presuposto do exercicio seguinte.

4.Modificación da ordenanza reguladora do carné de venda ambulante e mercados - feiras no Concello de Boqueixón

A Ordenanza reguladora da expedición do carné para a venda no mercadillo de Lestedo, así como para a venda ambulante no concello de Boqueixón, foi aprobada por Pleno da Corporación en sesión de data 9 de xullo de 1997 e publicada no BOP nº 211, do 13 de setembro de 1997.

Actualmente a realidade da venda ambulante no concello de Boqueixón modificouse considerablemente, e en concreto, na Feira- mercado de Lestedo, na que se ampliou a feira, aumentando o número de postos, mercadorías á venda e o funcionamento propio da feira, o que implica tamén a necesidade de cambios na regulación.

Por outro lado, no DOG nº 249 do 29 de decembro de 2012, saíu publicada a nova Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que no seu capítulo V, artigo 70 e seguintes regula a venda ambulante ou non sedentaria.

Todos estes cambios implican a necesidade de modificar a ordenanza reguladora de venda ambulante adaptándoa á nova Lei de comercio interior de Galicia e á situación concreta da venda ambulante e das feiras- mercados neste municipio.

O señor Canabal di: “Supoño que a modificación virá dada pola entrada en vigor da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

A primeira lectura non hai ningunha cousa que chame a atención.

O señor Calvelo di que “Estamos a favor da adaptación á lei. Está ben que se regule a venda ambulante. Aínda que non estaría mal que ademais se buscasen fórmulas para animar os escasos mercados que teñen lugar no concello”.

A señora Raquel García di que se trata unicamente de adaptar a ordenanza á nova lei.

O señor Canabal pregunta se están recollidas en algún lugar as queixas ou posibles queixas dos vendedores que exercen a venda nos mercados de Lestedo e Rodiño. Pregunta asemade se esta ordenanza foi consensuada con eles.

Responde o Alcalde que non, pero que si hai uns listados de solicitantes de prazas.

Cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1.- Aprobar a nova ordenanza reguladora da expedición do carné para a venda nos mercados- feiras de Boqueixón, así como para a venda ambulante no Concello:

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1. Obxecto e ámbito.

É obxecto da presente ordenanza a regulación, con carácter xeral, e ordenación da venda no mercado -feira de Lestedo e Rodiño e a venda ambulante dentro do termo municipal de Boqueixón.

Artigo 2. Marco Normativo.

A venda ambulante rexerese, ademais do disposto pola presente ordenanza, polo establecido na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnicos sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

Artigo 3. Competencia.

Corresponde ó Concello de Boqueixón, sen prexuízo das competencias doutras administración, conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante dentro do seu termo municipal e a ordenación, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio das feiras- mercado de postos ambulantes, do cumprimento dos requisitos para a obtención das correspondentes autorizacións municipais e de facer cumprir a presente ordenanza.

CAPITULO II. DA VENDA AMBULANTE EN XERAL.

Artigo 4. Concepto de venda ambulante.

Considérase venda ambulante a realizada polos comerciantes fora dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, periódica, ocasional ou continuada, na vía pública e espazos libres de titularidade municipal, xa sexa en instalacións desmontables e transportables ou en vehículos- tenda, pero nos perímetros ou lugares debidamente autorizados.

Artigo 5. Modalidades de venda ambulante.

Para os efectos desta ordenanza establécense as seguintes modalidades:

- Venda ambulante en feiras - mercados periódicos, mercados situados en poboacións, en espazos públicos determinados.
- Venda ambulante en postos instalados en terreo municipal, autorizados para un número e períodos determinados.
- Por venda ambulante mediante camiós ou vehículos tenda autorizados en zonas e lugares determinados.
- Venda ambulante en mercados ocasionais con motivo de feiras, festas e acontecementos populares.

Queda prohibida en todo o Concello de Boqueixón a venda ambulante que non se axuste ó contido da presente ordenanza.

Artigo 6. Suxeitos da venda.

A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se dedique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos no artigo 72º da Lei 13/2010 do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e ter autorización municipal correspondente.

Artigo 7. Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante.

Para o exercicio da venda ambulante as persoas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser persoa física (maior de idade) ou xurídica que se atope legalmente constituída.
2. Se o titular procede de países non comunitarios deberán estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo, ou de proceder de países comunitarios, de tarxeta de residencia.
3. Estar de alta no epígrafe do IAE, na modalidade de venda ambulante.
4. Estar ó día no pagamento das súas obrigas coa Facenda Pública e coa Seguridade Social.
5. Ter ó día o seguro de responsabilidade civil.
6. Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicables os produtos autorizados que teñan á venda.
7. Estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos, actualizado, cando proceda á venda de artigos alimenticios.
8. Estar en posesión da autorización municipal correspondente para este tipo de venda.

Para o exercicio de venda ambulante mediante camiós ou vehículos tenda ou que inclúa mercadorías perecedoiras, deberán cumprir ademais os seguintes requisitos, en relación co vehículo:

- Certificado ATP en vigor
- Documentación do vehículo coa indicación da clasificación e ITV en vigor
- Acta de inspección sanitaria

CAPITULO III. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO MERCADO DE POSTOS AMBULANTES.

Artigo 8. Ubicación

1. A Feira- mercado de Lestedo estará ubicada nos seguintes lugares: Praza da Feira, Rúa Virxe de Lurdes e Rúa Mestre Manuel Gacio, ata o serradoiro. A Feira- mercado de Rodiño estará ubicada na carballeira de San Bieito (Rodiño- Sergude).
2. Para modificar as zonas sinaladas de colocación de postos de venda ambulante a outros lugares ou rúas, así como os días de feira por causa maior, de interese xeral ou municipal, requirirase acordo do Pleno da Corporación. En todo caso, a nova ubicación deberá reunir as condicións hixiénicas axeitadas á actividade e de doado acceso para vendedores e compradores.

Artigo 9. Periodicidade e horario.

1. A periodicidade nas feiras- mercados de Boqueixón establecerase do seguinte xeito:
 - Mercado- feira de Lestedo: 1º e 3º domingo de cada mes.
 - Mercado- feira de Rodiño: 2º domingo de cada mes.
2. O horario de venda na feira- mercado será de 09:00 a 14:30 horas aproximadamente, podendo iniciarse a instalación dos postos ás 08:30h. Por este motivo, neste horario o recinto feiral debe manterse libre de vehículos para que os feirantes podan instalar os seus postos.
3. Rematado o horario de venda, os titulares dos postos terán que deixar o lugar ocupado, limpo de papeis e desperdicios ou calquera outro obstáculo, debendo depositar o lixo en bolsas e deixalas nos colectores do servizo municipal de limpeza.

Artigo 10. Dos postos, camión ou vehículos tenda.

1. A venda autorizarase en postos de carácter desmontable, instalación, camión ou vehículo tenda terán unhas condicións axeitadas ás características dos produtos autorizados.
2. Os postos terán unha superficie máxima de 12 metros de longo.
3. Estarán ubicados nos lugares asignados pola alcaldía/ Xunta de Goberno.
4. Queda expresamente prohibido o intercambio de localizacións entre distintos titulares.
5. Non se poderá ocupar o sitio doutros postos ante a falta de presenza dos seus titulares.
6. A mercadoría atoparase sempre dentro da superficie do posto.
7. En todo caso o vendedor extremará a limpeza na zona de venda.
8. Queda prohibido: a exposición de mercadorías no chan, debendo estar en mesas para garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade ou ben directamente nas cestas.
9. Os camiós- tenda estarán adaptados segundo a mercadoría e contarán coa documentación sinalada no artigo 7 desta ordenanza.
10. En ningún caso poderán situarse os postos en accesos a edificios de uso público e privado, establecementos comerciais ou industriais nin diante dos seus escaparates ou exposicións, a non ser que medie unha distancia de 1m. aproximadamente (unha beirarrúa) entre o posto de venda e o edificio de uso público ou establecemento comercial.
11. En caso de precisar ter á carón do posto o vehículo ou ter un camión - tenda, contabilizarase a tódolos efectos o espazo ocupado por todo o turismo e os elementos auxiliares que se lle anexen.

Artigo 11. Da venda.

Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade coa normativa vixente na materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís e responderán de que os produtos obxecto de venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas.

Artigo 12. Dos produtos.

1. Queda expresamente prohibida a venda carnes e caza fresca, refrixerados e conxelados; peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados; leite, queixos frescos, requexos, ovos, nata, manteiga, iogures e outros produtos lácteos frescos; pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados ou outras semiconservas; así como aqueloutros produtos que polas súas especiais características e a xuízo da autoridade competente leven riscos sanitarios.

Non obstante poderase permitir a venda dos produtos anteriormente citados cando dispoñan de instalacións frigoríficas ou estean debidamente envasados.

2. O concello poderá non autorizar en determinados momentos a venda de produtos que poidan ser prexudiciais para a saúde pública. Igualmente estará prohibida a venda daqueles produtos cando a normativa específica así o estableza.

3. Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os produtos.

CAPITULO IV. AUTORIZACIÓNS.

Artigo 13. Autorización municipal.

1. A alcaldía será competente para autorizar a venda en calquera das modalidades previstas nesta ordenanza e poderá delegar competencias no concelleiro delegado, no seu caso.

2. A autorización municipal será persoal e intransferible, quedando prohibida a súa cesión. Excepto nos supostos de falecemento do titular que lle será transmitida automaticamente a algún familiar directo, cónxuxe, país, fillos ou irmáns que cumpran cos requisitos establecidos para o exercicio da actividade de venda ambulante.

Non obstante, a petición do titular, a autorización habilitará a outra persoa sempre maior de idade como suplente no posto de venda.

3. Un titular só pode estar autorizado para ter ó seu nome un posto en cada feira, é dicir, unha autorización por cada IAE regulamentario.

4. A alcaldía resérvase a potestade de non outorgar autorizacións a postos de venda ambulante que poidan supor un prexuízo ou competencia ó comercio local existente.

5. Non se poderá autorizar a venda, daqueles produtos que a súa normativa reguladora así o prohiba.

Artigo 14. Dos titulares dunha autorización.

Poderán ser titulares dunha autorización municipal que se regulan mediante esta ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas, maiores de idade, con plena capacidade xurídica e de obrar conforme coa lexislación mercantil e co establecido na Lei 13/2010 do comercio interior de Galicia, e segundo os emprazamentos que se sinalen na autorización.

Artigo 15. Réxime de solicitude de autorizacións.

A solicitude para o exercicio da actividade deberá ser presentada pola persoa interesada ou o seu representante legal, mediante instancia dirixida ó Iltmo. Señor alcalde , segundo modelo establecido, no Rexistro Xeral do concello, achegada dos seguintes documentos para ser aprobada por decreto de alcaldía a correspondente licenza:

- 1.- DNI/NIE do titular e dos suplentes, no caso.
- 2.- Fotografía recente, tamaño carné, do titular e dos suplentes.
- 3.- Impreso de solicitude de autorización de venda ambulante en calquera das distintas modalidades incluídas nesta ordenanza.
- 4.- Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e fotocopia do último recibo.
- 5.- Alta no epígrafe correspondente no imposto de actividades económicas.
- 6.- Cumprir os requisitos das regulamentacións técnico- sanitarias e de seguranza de cada tipo de produto.
- 7.- Estar en posesión, de ser o caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- 8.- Dispor dos permisos de residencia e de traballo que, en cada caso, sexan exixibles, de ser tratar de persoas estranxeiras.
- 9.- As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, a acta de constitución, os estatutos e a escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- 10.- Dispor de seguro de responsabilidade civil.
- 11.- No caso de estar inscrito no Rexistro Galego de Comercio, achegarase a tarxeta vixente expedida por dito organismo, neste caso non será preciso aportar a documentación requirida nos apartados 4, 5, 7, 8, 9 e 10.
12. Para a venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda ou que inclúa mercadorías perecedoiras, deberán cumprir ademais os seguintes requisitos, en relación co vehículo:
 - Certificado ATP en vigor
 - Documentación do vehículo coa indicación da clasificación e ITV en vigor
 - Acta de inspección sanitaria

Artigo 16. Concesión de autorizacións.

1. As autorizacións concederanse en condicións non discriminatorias. O procedemento deberá garantir a transparencia, imparcialidade e daráselle a publicidade adecuada de inicio, desenvolvemento e fin do proceso.
2. A concesión da autorización realizarase por rigoroso orden de entrada das solicitudes no rexistro desta entidade e unha vez se revise a documentación requirida.
3. Os titulares xa autorizados anteriormente con posto na feira- mercado, terán preferencia sobre os novos solicitantes para a xestións concretas como pode ser o cambio de ubicación do posto, etc.
4. A alcaldía determinará o emprazamento ou localización da venda ambulante que se realice fora dos recintos, delimitados fisicamente ou non, nos que se celebren as feiras e mercados organizados e periódicos, establecendo igualmente os días, horarios, frecuencia e rutas para os que se autoriza o seu exercicio, así como o emprazamento dos postos de venda ambulante.
5. As autorizacións ós cidadáns que non pertencen á Unión Europea, quedarán anuladas e sen efecto ó serlles revogados os seus permisos de residencia ou traballo.

Artigo 17. Validez da autorización.

Posto que o número de autorizacións dispoñibles é limitado debido á escaseza de solo público habilitado para tal efecto, a duración delas non poderá ser por tempo indefinido. As autorizacións outorgaranse por tempo determinado. O seu prazo de duración será de cinco anos prorrogables de forma expresa por idénticos períodos.

Artigo 18. Datos reflectidos nas autorizacións municipais.

Nas autorizacións expresarase:

- Nome e apelidos do vendedor/a, así como dos suplentes se é o caso.
- DNI, pasaporte ou NIE do titular e suplentes ou CIF.
- Enderezo
- Fotografía do titular e suplentes se é o caso.
- Modalidade de venda autorizada
- Mercadoría que vai expender.
- Localización asignada para o posto.
- Prazo de vixencia da autorización.
- Referencia á obriga de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina de feira- mercado e a protección do consumidor.

CAPITULO V. OBRIGAS DOS TITULARES DAS LICENCIAS, INFRACCIÓNS E SANCIÓNES.

Artigo 19. Obrigas e dereitos dos vendedores autorizados.

Son obrigas dos titulares das licencias:

- a) Manter aberto ó público o posto debidamente atendido e abastecido.
- b) Estar inscrito no imposto de actividades económicas e ó corrente do pagamento das súas obrigas tributarias respecto da actividade que exercen.
- c) Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que fosen autorizados.
- d) De utilizaren pesas ou medidas, telas debidamente contrastadas polo servizo correspondente da Delegación de Industria, garantindo a cantidade exacta dos artigos que adquire o público.
- e) Observar as normas sanitarias que establecen as disposicións vixentes.
- f) Cumprir cantas obrigas impoñan as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- g) Manter as instalacións, postos e demais elementos de venda nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Deberán, ó remate da xornada comercial, deixar limpos de residuos os espazos ocupados.
- h) Manter os lugares de residuos e refugallos en todo momento, e reparar os danos ocasionados na vía pública e instalacións tanto durante o aproveitamento coma ó remate deste.
- i) Exhibición de permisos. A autorización municipal exhibirase obrigatoriamente no respectivo posto de venda, dun xeito doadamente visible e lexible para o público os seus datos persoais e o documento no que conste a correspondente autorización municipal, así como un enderezo para a recepción das posibles reclamacións.

A administración municipal resérvase a facultade de exercer, por medio dos seus axentes, técnicos municipais ou vixiantes autorizados, unha inspección periódica e constante para comprobar o cumprimento desta esixencia, a vixencia da documentación requirida para a concesión da autorización e o acatamento das restantes prescricións desta ordenanza.

j) O vendedor/a terá a obriga de mostrar a factura de compra dos produtos a requirimento das autoridades ou funcionarios municipais.

k) Cumprir as disposicións desta ordenanza, as normas que estableza o Concello para o bo funcionamento das feiras- mercados de postos ambulantes e demais disposicións legais vixentes que sexan aplicables.

Son dereitos dos vendedores autorizados:

a) Solicitar a debida protección das autoridades locais para poder realizar a actividade para a que están autorizados.

b) Presentar as alegacións e suxestións para o mellor exercicio da actividade.

Artigo 20. Infraccións.

Constitúen infraccións as condutas tipificadas neste artigo:

1.- O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza e das normas de aplicación, orixinará a incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2.-Serán faltas leves:

- As discusións ou conflitos entre vendedores.
- A venda de produtos diferentes ós autorizados na licenza.
- Aumentar a superficie do posto con mais metros dos autorizados, ou non gardar a distancia entre postos, entre postos e establecementos ou edificios que lle foron sinalados.
- Non deixar limpo e recollido o lugar onde estivo instalado.

3.- Son faltas graves.

- A venda dende o vehículo cando estea expresamente prohibida.
- A comisión de catro faltas leves nun (1) ano.
- Realizar a venda en lugares, datas ou horario diferente do autorizado.
- Desobedecer as ordes do persoal ou vixiantes autorizados do concello, dentro do establecido nas presentes normas.
- Ocupar o sitio ou vender no lugar que corresponde a outro vendedor.
- As demais que a lexislación considere como graves.
- O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.

4.- Son faltas moi graves.

- Que o titular ou suplente interrompa a súa actividade e non monte o posto de venda na feira- mercado autorizado 4 veces consecutivas sen xustificación.
- Intentar ou facer transferencias de autorizacións dos postos.
- A comisión de catro faltas graves nun ano.
 - Adicarse á venda ambulante sen a correspondente autorización
 - A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.
- Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, non estar inscrito no imposto de actividades económicas e non ter ó día o seguro de responsabilidade civil.

Artigo 21. Sancións.

As sancións que se aplicarán serán:

1. Para faltas leves

- Amonestación

- Suspensión da autorización municipal 1 mes.
- 2. Para faltas graves.
 - Suspensión da autorización municipal de 6 a 9 meses.
- 3. Para faltas moi graves.
 - Retirada de licenza e prohibición de poder optar a ter unha nova autorización ata transcorrido 1 ano.
 - Retirada definitiva de licenza sen posibilidade de volver a obter unha nova autorización.
 - Retirada inmediata do posto de venda ambulante, e en caso de non realizalo, encargárase ós responsables da feira- mercado de levar a cabo tal retirada .
- 4. Correspóndelle á alcaldía a imposición de sancións.

Artigo 22. Procedemento.

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real Decreto 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/92, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas de procedemento administrativo común, e demais normas concordantes.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora da expedición do carné para a venda no mercadillo de Lestedo, así como para a venda ambulante no concello de Boqueixón, aprobada por Pleno da Corporación en sesión de data 9 de xullo de 1997 e publicada no BOP nº 211, do 13 de setembro de 1997.

Disposicións finais

Primeira.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada o texto íntegro no BOP e transcorrido o prazo a que se refire o art. 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Segunda.

Para o non previsto nesta ordenanza estarase ó disposto nas normas de rango superior sobre a materia, especialmente o sinalado na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia.

2.- Expoñer ó público durante 30 días mediante publicación no BOP e no taboleiro de edictos do concello, e considerala definitivamente aprobada no caso de non presentación de reclamacións ou alegacións.

5.Modificación do artigo 6 apdo 1 da ordenanza reguladora do IBI

O Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 11 de xullo de 2012 acordou ceder ó Servizo Galego de Saúde a parcela número 39 A4 denominada Auténín.

O 10 de setembro de 2012 recíbese no concello escrito da Consellería de Sanidade, no cal, entre outros, sinala que na cláusula cuarta do convenio establece a obriga de regular na ordenanza fiscal a exención do IBI.

O señor Canabal di que neste punto, xa que é unha das condicións que pon o SERGAS, está de acordo.

Simplemente unha anotación lingüística; tanto na nota do rexistro da propiedade como no acordo que traen falan de Autenín, cando se non me engano, a xente do lugar coñece o sitio como Outenín, que me parece máis lóxico.

A señora García Couto responde que efectivamente coñécese como Outenín.

O señor Calvelo di, así mesmo, que está de acordo, o mesmo que a señora García Fraga.

Sen máis e cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1. Modificar o artigo 6, apartado 1, da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles, no senso de incluír entre os exentos o seguinte inmovible:

h) O centro de saúde de O Forte, cedido ó SERGAS (Servizo Galego de Saúde) na sesión plenaria que tivo lugar o 11 de xullo de 2012.

2. Publicar este acordo durante 30 días no BOP (Boletín Oficial da Provincia) e no taboleiro de edictos do concello e consideralo definitivamente aprobado, no caso de non presentarse reclamacións.

6.Aceptación renuncia presentada por Espina&Delfín e arquivo expediente (revisión de oficio acordo 14-03-2012)

Dáse conta do escrito presentado pola empresa adxudicataria do servizo de abastecemento con data 26 de outubro do 2012 renunciando ós dereitos relativos ó acordo municipal de 14 de marzo de 2012.

A continuación o señor Canabal di que en canto a este punto vaino apoiar.

A raíz do establecido no artigo 91.2 da LRXAP e PAC, o Concello de Boqueixón acepta a renuncia e declara concluso o procedemento, é dicir, o procedemento do 14.03.2012. Porén é a vista do informe remitido no seu día pola Deputación, queda pendente o acordo de ampliación do contrato da auga de 2006, que é ao que me refiro nunha das mocións presentadas no pleno de hoxe.

O señor Calvelo di: “señor Alcalde, non comprendo como se puido facer mal e tan negativamente para o concello, a adxudicación a unha empresa privada polo goberno municipal do Partido Popular, no ano 2004, dun servizo básico como é o abastecemento de auga. Todos sabemos que o custo máis elevado deste servizo e a factura do consumo de enerxía eléctrica pola ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla.

No cadro de aboamento do canon, que corresponde ao concello, das anualidades 2012-2020, que vostedes ampliaron ata o ano 2044, as arcas municipais ingresarían

907.553.04€. Pero isto non queda aquí. Desta cantidade a empresa deducirá o importe do consumo de enerxía eléctrica do bombeo. Resulta que este gasto é o máis importante no mantemento do servizo de abastecemento de auga.

Todo isto ven a demostrar que o Grupo Popular tomou acordos que sabían de antemán que eran malos, facendo caso omiso, mellor dito, pasándose polo arco do triunfo, o informe totalmente desfavorable da Sra. Secretaria Interventora.

Teñen ó Concello totalmente hipotecado, con un gasto corrente non asumible, e vostedes pretenden sacar cartos de onde sexa, sen ter en conta para nada as consecuencias.

Se seguen por este camiño, estou seguro de que acabaremos en Bancarrota”.

A señora García Fraga di que o de Boqueixón é un concello saneado e non entende que digan que acabaremos en bancarrota, pois estanse a pagar facturas en prazo e o concello dispón das fondos precisos para o pago ós provedores.

O señor Calvelo responde que o concello ten 64.000 euros de fondos nos bancos e que o concello subsiste gracias ás axudas que lle subministra a Deputación Provincial.

Segue dicindo o señor Calvelo , que neste momento o concello ten 29 facturas pendentes de pago.

O señor Alcalde responde que tan só hai un préstamo e que os provedores cobran todos, nun prazo de 15 días a un mes.

Sen máis e cos votos a favor de todos os Concelleiros presentes nesta sesión e tendo en conta os seguintes:

Antecedentes:

Con data 19 de xaneiro de 2012 recíbese no concello un escrito presentado pola empresa adjudicataria do servizo de abastecemento no cal se inclúe un estudo económico para acumular o canón a aboar ao concello nas anualidades 2009-2020, co fin de poder realizar algunhas obras pendentes. Así mesmo, durante este período o importe dos recibos de enerxía eléctrica da depuradora de Orto e o bombeo do río Ulla sería aboado directamente por Espina Delfín e descontado do canón correspondente en cada ano.

O pleno celebrado o 14 de marzo acordou aceptar o referido estudo económico.

O pleno de 11 de xullo de 2012 acordou iniciar o expediente de revisión de oficio do citado acordo e solicitar ditame ao consello consultivo de Galicia.

Con data 1 de outubro de 2012 recíbese o informe do consello consultivo no cal, entre outras consideracións, advirte sobre a probable caducidade do procedemento o cal non impide o inicio dun novo en cuxo caso cómpre incorporar ao expediente o informe da deputación, o prego de condicións e o estudo económico.

Con data rexistro entrada 2 outubro 2012 a empresa Espina Delfín solicita a suspensión da executividade do acordo municipal de data 14 de marzo de 2012 e posteriormente con data de rexistro 26 de outubro de 2012 presenta un escrito de renuncia aos dereitos relativos ao acordo municipal da citada data e solicita que sexa admitida.

Consideracións legais

O artigo 90 da lei de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

O artigo 91.2 da mesma lei establece que a Administración aceptará a renuncia e declarará concluído o procedemento.

Tendo en conta que esta renuncia, solicitada pola empresa adxudicataria Espina Delfín, non está prohibida polo ordenamento xurídico.

O Pleno acorda:

1.- Aceptar a renuncia, presentada con data 26 de outubro de 2012 pola empresa concesionaria do servizo de abastecemento Espina Delfín, ao seguinte acordo adoptado polo pleno da corporación en sesión celebrada o **14 de marzo de 2012**:

a) A aceptación do estudo económico presentado pola empresa Espina Delfín para adiantar o aboamento do canon, que correspondería ao concello durante a vixencia do contrato (ano 2044), ás anualidades 2012-2020 e ingresar ao concello os seguintes importes:

2012	91.180,00 €
2013	93.459,50 €
2014	95.795,99 €
2015	98.190,89 €
2016	100.645,66 €
2017	103.161,80 €
2018	105.740,85 €
2019	108.384,37 €
2020	111.093,98 €

b) Das contías anteriormente citadas a empresa deduciría o importe correspondente á facturación polo consumo de enerxía eléctrica pola ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla. A partires deste ano 2020, a facturación polo consumo de enerxía pola ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla será a cargo do concello.

2.- Declarar concluído o procedemento de revisión de oficio iniciado o 11 de xullo de 2012 para declarar a nulidade do acordo plenario do **14 de marzo de 2012** anteriormente descrito.

3.- Arquivar o expediente e en consecuencia declarar a non procedencia da suspensión solicitada.

4.- Dar traslado deste acordo ao Consello Consultivo de Galicia e á empresa Espina Delfín.

7.Aprobación definitiva dos nomes de rúas en Lestedo

O crecemento que a parroquia de Lestedo ten experimentado nos últimos anos, fixo que se tivesen que construír novas rúas urbanas para dar servizo ás novas vivendas, así como para mellorar e habilitar as rúas xa existentes.

Isto trouxo como consecuencia unha nova estrutura da parroquia, á que lle hai que dar unha resposta, a fin de solucionar os problemas que na actualidade teñen os servizos de correos e paquetería, para atopar unha dirección concreta.

Por todo isto, o concello dispón distribuír os principais núcleos de poboación en rúas nomeadas, segundo as varias propostas presentadas pola Asociación de Veciños de Lestedo e a colaboración municipal.

O Concello de Boqueixón ten realizado unha consulta entre os propios veciños da parroquia de Lestedo, para que fosen eles os que propuxeran os nomes das rúas, atendendo sobre todo a criterios como son a tradición, ou os veciños que se destacasen polo seu traballo comunitario.

Despois desta primeira consulta, a Asociación de Veciños realizou varias propostas, como cambios de nomes nas rúas, novos límites entre as mesmas, aumento da proposta inicial de nomes, ata alcanzar outros núcleos habitados da parroquia, como Milleirós, Pazos, Ramil, Cachosenande, Rubial, A Picota..., etcétera. Segue dicindo o señor Alcalde que proximamente farase un estudo para poñer os números.

O señor Canabal di que quere recordar o que se acordou no pleno do 9 de maio de 2012:

“O Sr. alcalde propón que se constituía unha comisión formada por tres representantes, un por cada formación política e que, á vista das propostas dos veciños e do plano de rúas de Lestedo fagan a proposta definitiva para nomear as rúas.

Procédese coa votación e por unanimidade acórdase constituír unha comisión para acordar, en base ás propostas dos veciños, nomear as novas rúas de Lestedo”.

Xa o dixen no pleno do 12 de setembro de 2012 cando o Sr alcalde nos pasou o plano cos nomes definitivos das rúas de Lestedo”:

Primeiro: Quédase por unanimidade do pleno constituír unha comisión para facer unha proposta definitiva atendendo ás propostas que tiñan feito 27 veciños de Lestedo.

Segundo: Nunca se chega a constituír ningunha comisión.

Terceiro: O equipo de goberno, ou o alcalde, ou todos á vez encargan os sinais cos nomes das rúas.

Cuarto: Colocan as placas das rúas.

Quinto: O 12 de setembro, coas placas xa colocadas, o alcalde reparte un plano onde se indican os nomes das rúas.

Sexto: Agora, despois de ter feito todo, veñen a este pleno, ¿a que? ¿Poden explicarmo?.

Miren, e que non lle consinto que digan que foi o pleno o que fixo a proposta. Digan a verdade dunha vez!

Tráeme absolutamente de lado os nomes que lle poidan por ás rúas. Pero absolutamente de lado.

Nunca busquei entre os membros desta corporación xente de palabra; á vista está que son uns trileros.

Pero o que realmente me asusta é que se son capaces de facer isto coa parida de porlle nome ás rúas, non me quero nin imaxinar o que poden facer noutros temas.

O señor Calvelo di que fai uns meses, nun dos plenos, o ex alcalde Sr. Gacio, entregounos un folio cos nomes e coas puntuacións obtidas a través dunha votación por Internet, da cal non se nos avisou, para poñer nome ás rúas de Lestedo. Como discrepabamos nalgúns deles, o ex alcalde, nun arrebatado de xenerosidade, propuxo que nos reuníssemos os portavoces: o Sr. Sanjuás, Canabal e Calvelo. Reunión que nunca chegou a realizarse.

Un bo día chegou as miñas mans un escrito onde o Sr. Gacio daba ordes estritas de encargar inmediatamente as placas das rúas de Lestedo, menosprezando e ninguneando a opinión que puidésemos ter a oposición, pero sí tendo en conta as propostas da Asociación de Veciños de Lestedo, asociación fundada, se mal non recordo, no ano 2010 e que ata o día de hoxe non convocou nin unha soa reunión cos veciños para debater este e outros temas.

Con todo isto quero demostrar o respecto co que nos trata o goberno deste Concello, ós concelleiros da oposición, que curiosamente un naceu e vive en Lestedo e outro leva máis de 40 anos na parroquia.

A señora García Fraga di que é moi difícil contentar a todos e o señor Calvelo di que consultaron coa asociación de veciños e sen embargo ós concelleiros da oposición non. Penso (segue dicindo o señor Calvelo) que deberíase nos consultar e así posiblemente chegaríamos a un acordo.

O señor Canabal di que o equipo de goberno é o que vota e logo incumpre os acordos adoptados. O Pleno ten que ser serio e sen embargo os Concelleiros do PP non o son (di o señor Canabal)

A continuación procédese coa votación. O representante do PS de G abstense, o señor Canabal di que non vota e cos votos a favor do PP, acórdase:

1º.- Aprobar o nome das rúas de Lestedo, conforme ao seguinte listado:

- Rúa Pedro Ballesteros - da igrexa, a Cachosenande
- Rúa Hixinio Ansemil - da igrexa, ao cruce da pista de Milleirós
- Rúa Mestre Manuel Gacio - desde esquina Fachal, ao cruce de Castrelo
- Rúa Virxe de Lurdes - desde o cruceiro a capela
- Rúa da Filloa - desde Nacional 525 ata igrexa, polos edificios de Vitra
- Rúa Daniel Silva - desde a capela, á pista de Agro Novo
- Rúa Bos Aires - desde a Nacional 525, á rúa Daniel Silva
- Rúa Pico Sacro - da Nacional 525, á casa de Carmen Pichel

- Rúa Tucho Quinteiro - Nacional 525, ata a ponte de Roelle
- Rúa Manuel Rodeiro - desde a rúa Tucho Quinteiro, a Pazos –Lavadoiro
- Rúa Manuel Fuentes - desde o bar o 26, ata a rúa Manuel Rodeiro, collendo os dous enlaces finais
- Travesía da Raíña Lupa - desde Virxe de Lurdes, ata rúa Bos Aires
- Rúa Agronovo - desde Nacional 525 ata igrexa, por Agronovo
- Rúa Manuel Freiría - desde Vikingo, a Vilar
- Praza da Feira - inclúe vivendas, con portais á praza
- Rúa Antonio Barros - desde fotógrafo a Ramil - límite con Vedra
- Rúa Castrelo - desde Pico Sacro ata rúa Hixinio Ansemil, facendo esquina
- Avenida do Vinteseis - desde A Picota, a última casa de Milleirós, ocupando toda a Nacional 525, ao seu paso por Lestedo
- Travesía de Pazos - desde Nacional 525, a última casa dirección a Vedra
- Rúa Francisco Sinde - desde volta de Ramil, a límite de Vedra
- Travesía de Milleirós - desde estrada vella a campo de fútbol
- Rúa dos Acebos - desde Travesía de Milleirós, a Travesía Pico Sacro
- Rúa Leoncio Millán - desde Travesía de Pazos, cara residencial A Portela
- Travesía de Ramil - desde fotógrafo, ata a cooperativa leiteira Pico Sacro
- Travesía da Cooperativa - desde límite de Vedra, por diante da cooperativa, ata o final da rúa
- Rúa Mestre Rosendo Otero - desde a capela de Lurdes, ata a igrexa
- Travesía de Cusanca - desde Nacional 525, a ponte do ferrocarril
- Travesía de Cachosenande - desde Travesía de Milleiros, a límite cemiterio vello
- Travesía de Rubial - desde Travesía de Cachosenande, ata o límite con Quián – Sergude

2º.- Realizar unha nova numeración das vivendas de Lestedo, en base ao nome das rúas aprobadas.

8.Incremento subvención destinada a APA (partida 363.480.00 do presuposto)

No vixente presuposto de gastos de 2012, concretamente na área de gasto 322-Ensinanza, figura a partida 480.00 Subvención APAS cunha consignación de 1.500,00 €.

Pola directiva de referida asociación solicítase una axuda de 3.000,00 €, a tal efecto achegan xustificantes de gastos que superan ese importe, sinalando que ese mesma cantidade foi a que se lle concedeu en exercicios anteriores.

Tendo en conta que no referido presuposto, na área de gasto 363-Comunicación social e participación cidadá, figura tamén a partida 480.00 cunha consignación de 5.000,00 €, os cales a esta data non están como obriga recoñecida, propónse ao Pleno da Corporación aumentar a partida da subvención ao APA no importe de 1.500 € e que quedaría polo tanto cunha consignación de 3.000,00 €, procedentes da mencionada de Comunicación social e participación cidadá, e dese xeito poder pagar a totalidade da subvención solicitada tal tomo efectivamente se fixo en exercicios anteriores, non producíndose aumento de gasto soamente cambio de partida vinculada ademais xuridicamente.

Sinalar finalmente que na actualidade non se ten constancia da existencia doutras APAS no concello, e no caso de habelas non solicitaron subvención algunha ata esta data.

O señor Canabal di que igual que no punto anterior dixen o que dixen, neste punto teño que recoñecer que debe ser a primeira vez en toda a lexislatura que teñen en conta un acordo do pleno.

Cando foi o debate dos orzamentos, no pleno do 9 de maio de 2012 eu mesmo xa fixera a advertencia sobre a área de gasto III, Produción de Bens Públicos de carácter preferente – nas subvencións ás ANPAS, que aparecían con respecto ao 2011 cunha redución do 50%.

Neste caso díxérase que se ía tentar subir a atribución, e neste caso, aínda que lle dá moito medo darme razón a primeira instancia e non modificaron a partida, que ben podían telo feito, pois á larga cumpren co que dixeron.

Pola miña parte, obrigado.

O señor Calvelo di que está a favor.

A señora García Fraga di que tamén está de acordo.

Polo tanto co voto a favor de todos os presentes acórdase:

1. Incrementar a partida da subvención a APA no importe de 1500 €, quedando polo tanto, unha consignación de 3.000 €.
2. Comunicar este acordo a APA e proceder co aboamento da subvención previa presentación da xustificación do gasto pola asociación.

9.Dar conta do Decreto da Alcaldía delegando competencias na Xunta de Goberno.

Dáse conta do decreto de data 31 de outubro de 2012, delegando as seguintes competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno:

- a) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co presuposto e o cadro de persoal aprobados polo pleno , aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.*
- b) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.*
- c) Contratación de obras, de subministros, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu importe non*

supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual ,cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

A adxudicación definitiva, ao terse que efectuar no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción do documento, poderá efectuarse indistintamente pola Xunta de Goberno , si coincide con sesión ordinaria, ou no caso contrario , pola alcaldía.

- d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto, e non se trate de contratos de obras cuxa execución exceda do presuposto anual, cuxos proxectos foran redactados independentemente para cada unha das partes da obra.*
- e) A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas nin se trate de bens declarados de valor histórico ou artístico, calquera que sexa os eu valor.*
- f) O outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou a outros órganos.*
- g) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.*
- h) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral , non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
- i) As demais competencias que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen ao municipio e non atribúan a outros municipais.*

O señor Canabal pregunta se estas competencias son as máximas que prevé a Lei de Bases e o ROF.

A secretaria responde que si, que son as máximas que prevé a lei de bases e o ROF.

10.Aprobación retribución alcalde

En primeiro lugar e en relación coa noticia que saíu publicada no xornal “ O Correo Galego” do día 12 de novembro deste ano , referida ó incremento das retribucións da alcaldía con informe “favorable” da secretaria municipal, o señor alcalde di que isto é falso, posto que a secretaria interventora do concello en ningún momento emitiu informe favorable á aprobación do incremento das referidas retribucións

Por outro lado, o señor Alcalde di que renuncia ao incremento e mantén polo tanto as retribucións que viña percibindo. Polo que este punto retírase da orde do día.

11.Mocións número 12/2577, 12/2578 e 12/2579 presentadas polo Concelleiro Xabier Canabal

A) Moción número 12/2577

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: O pasado 18 de outubro, en horario de mañá, un traballador deste concello, en concreto, o Sr. V. N.; atopábase repartindo propaganda electoral do Partido Popular de Boqueixón e convidando para o mitin que esta organización tiña o día 19 de outubro na Casa Funeraria – Cultural de Camporrapado.

SEGUNDO: O pasado 27 de outubro revisei os rexistros de entrada do concello para ver se este traballador pedira os seus días libres para realizar o traballo para o Partido Popular, e neste rexistro non había ningunha solicitude por parte do Sr. V. N.

TERCEIRO: Sendo moi respectuoso co que cada un dos traballadores faga no seu tempo libre, e sendo asemade escrupulosamente respectuoso coa filiación política que cada traballador do concello teña, posto que estaba en horario de mañá repartindo propaganda do PP, infiro que o fixo na súa xornada de traballo, sendo un acto reprochable e merecedor de iniciar un procedemento de investigación e se procede, sancionador .

E así que, atendendo á exposición de motivos, someto ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Incoar un expediente informativo sobre os feitos relatados, ao Sr. V. N.
2. Dar conta ao Pleno da corporación na vindeira sesión plenaria.
3. En caso de ser afirmativo, incoar o correspondente expediente sancionador

Explica esta moción o señor Canabal dicindo que tendo en conta o orzamento do presente ano, é verdade que non se piden os días libres e vacacións no rexistro xeral, como se viñan pedindo en anos pasados.

BASE 24 Creación do Rexistro de Persoal

O persoal laboral e funcionario do Concello de Boqueixón terá a súa disposición un rexistro propio, onde previa solicitude poderá consultar o seu expediente persoal, así como instrumentar as solicitudes de vacacións, asuntos propios, baixas médicas, trienios, ausencias puntuais ao posto de traballo, queixas, suxerencias e outras xestións relativas ás funcións profesionais. Este rexistro tamén será o encargado de tramitar as ordes ao persoal que estime oportuno realizar por escrito o alcalde ou dos concelleiros delegados de área, así como os expedientes disciplinarios que teñan lugar.

Mais a pesares disto, ¿pode a secretaria – interventora certificarme que a solicitude foi rexistrada en data e forma como aparece no escrito?

O obxectivo da moción está cumprido, e é que poñan un pouco de dilixencia na separación do que é o Concello de Boqueixón e onde comeza o Partido Popular.

Como recomendación, a vindeira vez que impriman un papel como este, fágano en papel hixiénico, porque poderemos sacarlle máis uso.

Á pregunta de se a secretaria interventora pode certificar , respóndelle a secretaria que non, pero si debería facelo (ou polo menos informar) á persoa encargada deste rexistro.

O señor Calvelo di que si o traballador estivo repartindo propaganda dun partido político nas horas de traballo, parece lóxico incoar un expediente porque, efectivamente, o escrito só ten selo pero non número de rexistro.

O señor Alcalde di que na base de execución número 24 do presuposto créase o “rexistro de persoal”.

Responde o señor Calvelo que o escrito non ten número de rexistro de entrada co cal ese rexistro de persoal sirve de pouco.

A señora García Fraga di que lles foron entregadas as bases de execución xunto co presuposto e que o rexistro de persoal fíxose para preservar a identidade dos traballadores, aínda que os concelleiros poden consultalo. Os traballadores solicitan por escrito os días e o alcalde non ten que preguntar para que os piden.

O traballador (segue dicindo a señora García Fraga) solicitou o día, aínda que podía compensalo con algún outro que tivo que traballar en domingo e sen embargo non o fixo. Pero vostede fala sen saber e parece que aínda non escarmentou coa sentenza condenatoria por falsidade.

O señor Canabal pregúntalle se certificaría que o escrito foi presentado o día 17 de outubro ou o 8 de novembro, aínda que por esta vez vai retirar a moción.

B) Moción número 12/2578

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: No último pleno ordinario de 12 de setembro cando se debateu o punto sétimo da orde do día, a referida ao Rexeitamento da alegación presentada por Espina&Delfín e proposta declaración de nulidade do acordo adoptado o 14-03-2012, fixen unha solicitude para iniciar os trámites para que se incoe a declaración de nulidade do acordo adoptado no ano 2006, ao fin de que no vindeiro ano a auga pública volte a ser de todos e non dunha empresa en concreto.

SEGUNDO: É pública a miña posición en relación á ampliación do servizo público de auga no ano 2006, cando fun o único concelleiro que votou en contra, e mesmamente dicía por entón que a aceptación da ampliación da auga ata o ano 2043 trocaba de raíz o contrato asinado coa empresa Espina y Delfín no ano 2004.

TERCEIRO: É pública tamén a miña oposición ao incremento das tarifas da auga para o ano 2011, que mesmamente impugnei, onde se incrementaron estas un 3,2% que corresponderá á empresa adxudicataria máis un 28% sobre o importe resultante do anterior incremento que corresponde ao concello para facer fronte ao gasto de enerxía eléctrica pola depuradora de Orto e bombeo de río Ulla.

CUARTO: No pleno do 14 de marzo de 2012 o PP tomou en solitario, mesmamente cun informe en contra da secretaría do concello, adiantar o aboamento do canon, que corresponde ao concello durante a vixencia do contrato(ano 2044), ás anualidades 2012-2020 e ingresar ao concello os seguintes importes nas seguintes anualidades.

2012	91.180,00 €
2013	93.459,50 €
2014	95.795,99 €
2015	98.190,89 €
2016	100.645,66 €
2017	103.161,80 €
2018	105.740,85 €

2019	108.384,37 €
2020	111.093,98 €

Das contías anteriormente citadas a empresa deducirá o importe correspondente á facturación polo consumo de enerxía eléctrica pola ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla. A partires deste ano 2020, a facturación polo consumo de enerxía pola ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla será a cargo do concello. É dicir, segundo o estipulado no informe da secretaría o Concello deixaría de ingresar nesta operación 1.314.812,50 €.

QUINTO: O informe nº 2012/6 do Servizo de Asistencia Económica a Municipios, no seu punto 10, conclúe:

1. Os gastos de enerxía eléctrica de ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla son gastos propios da explotación do servizo de abastecemento obxecto da concesión e, polo tanto, a cargo do concesionario de acordo co establecido nas cláusulas 1, 7, 29, 30 e 31 do PCAP e nos artigos 11, 14, 162 e 163 do TRLCAP.

2. Non se considera apropiado acudir a vía do rescate da concesión senón a do requirimento de reintegro das cantidades indebidamente aboadas polo concello en concepto de gastos de enerxía eléctrica da ETAP de Orto e o bombeo do río Ulla, unha vez declarada a nulidade do acordo plenario de 14 de marzo de 2012, de acordo cas prerrogativas do Concello como administración contratante (art.59 TRLCAP) que podería derivar nun procedemento de resolución do contrato por causa imputable ao contratista de acordo ca normativa citada e as cláusulas 43 e 44 do PCAP (Incumprimento por parte do concesionario do que se derivase infracción moi grave).

3. A “ampliación do prazo da concesión ata o ano 2043” a cambio de realización de obras de ampliación da rede municipal de abastecemento estaríamos ante un suposto de “adxudicación directa implícita” de tales investimentos non previstos no obxecto do contrato inicialmente asinado dando lugar a modificación do mesmo sen tramitar o correspondente procedemento e dicir, que neste punto se estaría incorrendo no suposto de nulidade de pleno dereito do art.62.1. e da Lei 30/92 e, polo tanto, desde este punto de vista procedería aplicación do art.102 da Lei 30/92 de declaración de oficio da nulidade de actos administrativos que poñan que poñan fin a vía administrativa previo ditame do Consello Consultivo de Galicia xa sexa por iniciativa propia da administración ou a instancias do interesado.

4. O acordo plenario de 11 de xaneiro de 2006 polo que se aproba a ampliación do prazo da concesión inicialmente establecido e susceptible de anulación mediante a tramitación do correspondente procedemento de revisión de oficio de acordo co establecido no art. 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común antes do vencemento do prazo inicial do contrato asinado o 21 de xullo de 2004, polo que se podería efectuar a extinción do mesmo por cumprimento do prazo inicialmente establecido sen prexuízo de que se teña que tramitar, no seu caso, un procedemento de resolución polo asunto dos gastos de enerxía eléctrica como se explica neste informe.

SEXTO: Tanto o concello como os veciños están a soportar unhas cargas realmente lesivas,

froito dunhas decisións mal tomadas no seu día, e froito dunha concesión administrativa viciada co primeiro acordo realizado no ano 2006, tal e como recollen as conclusións do informe da Deputación do punto anterior.

E así que, atendendo aos antecedentes e de acordo coa proposta feita xa no pleno do 12 de setembro de 2012 e aceptada polo anterior Alcalde, someto ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Iniciar todos os trámites necesarios para incoar o expediente de declaración de nulidade do acordo de ampliación do servizo de abastecemento de auga adoptado no ano 2006.
2. Remitir ao pleno deste Concello a relación dos investimentos feitos pola empresa Espina y Delfín no Concello a raíz do acordo de 2006, e os consumos enerxéticos correspondentes ao servizo de abastecemento de auga dende o ano 2004.

Explica esta moción o señor Canabal dicindo que coida que a moción estea perfectamente fundada na exposición de motivos da propia moción que os concelleiros puideron ver.

Como explicación breve dicir que o que se busca coa moción é dar “cumprimento” ao informe que realizou a Deputación provincial sobre o contrato de ampliación do servizo de abastecemento de auga, non é algo que se lle ocorra a este concelleiro.

É por iso, polo que recomenda a Deputación, polo que ten todo o senso comezar cos trámites xurídicos que sexan necesarios para declarar nula a ampliación de 2006, e recuperar o servizo de auga ao final do ano que ven, cando remata o contrato asinado no 2004.

Paralelamente a isto, pois tamén é necesario realizar os cálculos da concesión, a saber, os gastos enerxéticos asumidos polo concello dende o ano 2004, e que segundo o prego de condicións das concesión e o contrato debera ter asumido a empresa concesionaria (tal e como se estipula n informe), e asemade saber cales foron os investimentos realizados pola propia empresa na rede de abastecemento, e saber as súas contías.

Visto o informe da Deputación, non tería senso seguir cun contrato ata o 2044 que pode ser irregular. Ademais, o propio ex alcalde estaba de acordo con este prantexamento que tiña feito xa no pleno do pasado 12 de setembro.

O señor Calvelo di que está de acordo con esta moción presentada polo señor Canabal.

O señor Alcalde di que aceptan a moción e que tamén son partidarios de revisar o contrato. Para isto vaise facer un estudo dos gastos xerados para comprobar o que habería que aboar á empresa.

Sen máis, cos votos a favor de todos os presentes apróbase a moción número 12/2578 presentada por don Xabier Canabal Fernández con data de rexistro de entrada 8 de novembro de 2012.

C) Moción número 12/2579

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: O decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, establece a supresión da paga extra ao persoal das administracións públicas.

SEGUNDO: Tendo en conta esta medida imposta polo goberno central, de obrigado

cumprimento, os traballadores perderán entre un 5 e un 7% da súa masa salarial, supondo esta perda de poder adquisitivo dos funcionarios e traballadores públicos unha grave ameaza para a economía local.

TERCEIRO: O goberno municipal de Boqueixón distribuíu nos pasados meses un plus de produtividade entre os funcionarios, traballadores fixos e eventuais do concello, dun xeito lineal (942,75 € para os funcionarios e persoal laboral fixo e 500,00 € para o persoal eventual).

CUARTO: Aínda tendo en conta que o reparto deste plus de produtividade non atende a criterios de produtividade, senón que é lineal, queda aínda un treito para achegarnos á paga extra de moitos dos traballadores do Concello.

QUINTO: Cómpre deixarmos claro que nin esta organización, nin este concelleiro en particular, está de acordo coas medidas de axuste, recorte e afogo que nos propoñen tanto o goberno central como o seu satélite que ocupa a Xunta de Galicia.

SEXTO: Atendendo á particular situación do Concello de Boqueixón non parece xusto nin ético, que mentres que os traballadores do Concello sofren recortes, non se recorte asemade nos salarios e dietas dos representantes políticos.

SÉTIMO: Dende a renuncia do anterior alcalde, a finais do mes de setembro, o concello de Boqueixón conta cunha adicación exclusiva menos. Ademais, nos propios orzamentos, a adicación do actual alcalde está calculada en base a 14 pagas.

E así que, atendendo aos antecedentes, someto ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. A renuncia por parte do actual alcalde da súa paga extra de nadal.
2. A renuncia por parte de todos os concelleiros de entre o 5 – 7% das súas percepcións anuais nos distintos órganos do concello (É o que se estima que perden os traballadores públicos).
3. Imputar o salario do anterior alcalde (do mes de outubro ao mes de decembro), da paga extra de nadal do actual alcalde e a porcentaxe dos concelleiros a un novo complemento de produtividade ao fin de complementar na medida do posible a perda de poder adquisitivo dos traballadores do Concello.

Di o señor Canabal que á vista da nota do Ministerio que se adxunta ao punto 3 da orde do día do pleno de hoxe non ten senso a motivación da moción presentada, polo que tamén a retiro.

Porén, tamén é certo que se os traballadores deste concello non van cobrar a paga extra de nadal, por ética e estética, tampouco o alcalde debера cobrala. Posto que a distribución destas cantidades propostas na propia moción entre os traballadores non é posible, eu propono que o Alcalde destine a paga extra aos servizos sociais do concello e todos os concelleiros, en solidariedade cos funcionarios e traballadores reintegremos o 10% das nosas dietas de 2012 (é a parte que se estima que perden os traballadores coa extra) nos mesmos servizos sociais do Concello.

Eu así o farei.

O señor Alcalde da conta do escrito por el presentado neste mesmo día, 14 de novembro de 2012, co rexistro de entrada nº 12/2628, no cal manifesta a súa vontade de renunciar á paga extra do nadal, que ascende a un total de 2.094,89 euros brutos.

Por outro lado desexa que o citado importe, desta paga extra, se destine ó departamento de Servizos Sociais para a concesión de axudas de emerxencia social ós veciños do Concello de Boqueixón que o precisen.

12. Información da alcaldía.

Dáse conta dos decretos habidos desde o 10/09/2012 ata o 09/11/2012.

13. Toma de razón da renuncia presentada por don Adolfo Gacio Vázquez

Dáse conta do escrito presentado o 14 de novembro de 2012, rexistro de entrada 12/2633, por don Adolfo Gacio Vázquez, co DNI xxxxx, Concelleiro do Concello de Boqueixón, no cal manifesta a súa intención de RENUNCIAR á acta de Concelleiro.

Á vista do cal o Pleno da corporación acorda:

1. Tomar coñecemento da renuncia ó cargo de Concelleiro desta corporación municipal de don Adolfo Gacio Vázquez.
2. Remitir oficio á Xunta Electoral Central para que expida a credencial de Concelleiro electo a favor do candidato don Jesús Neira Varela, co DNI xxxxx, que consta no seguinte lugar na lista electoral correspondente ó Partido Popular, co fin de ocupar o posto previo cumprimento dos requisitos legais

14. Rogos e preguntas

O señor Canabal fai as seguintes preguntas e rogos.

Preguntas:

1) Pregunta sobre os plus de produtividade

Afondando aínda máis neste plus de produtividade, e en consonancia co que teño manifestado tanto na comisión de contas como no propio pleno do 9 de maio de 2012, e aceptado polo Sr. Alcalde fixen un considerando, que loxicamente non foi tido en conta. Literalmente, e recollido na acta do pleno dise:

Nas bases de execución do orzamento, en concreto na base 23 fixen unha consideración na comisión, que non se explica como queda, posto que a redacción, aparte de insultar aos traballadores deste concello, deixase a unha grande discrecionalidade a asignación do complemento de produtividade, propoñéndose o 65% da contía en función da efectiva asistencia ao traballo e o 35% ao libre albedrío do alcalde.

A asistencia ao traballo, puntualidade... dáse por descontado. O complemento de produtividade debera repartirse en función da asignación de funcións que rebasen as asignacións encomendadas no contrato laboral.

Por pór algún exemplo, que ao tesoureiro se lle retribúa por ser secretario en funcións, que ao persoal auxiliar administrativo se lle retribúa pola elaboración de informes que exceden o seu contrato laboral, a protección civil polo mantemento de instalacións....

Porén, o reparto foi lineal, polo que non corresponde a un plus de produtividade, senón sinxelamente a un plus na nómina.

Por último e xa que fixen unha incursión neste complemento de produtividade, repartido en dúas quendas, na primeira 30.000 € o 24/09/2012 e 9.145,83 nunha segunda quenda o 22 de outubro de 2012, con cargo ao orzamento xeral 2012, partida orzamentaria 921.152.00, outros incentivos ao rendemento, partida de 30.000 € xa esgotado coa primeira quenda do complemento de produtividade.

¿De qué partida en concreto se detraen estes 9.145,83 €?

A secretaria interventora responde que existía crédito presupostario a nivel de vinculación xurídica.

De todas formas para máis exactitude debo consultalo co tesoureiro e logo daráselle resposta exacta.

Comunícaselle, así mesmo, que o motivo deste segundo decreto concedendo ese complemento foi aboar o complemento de produtividade a todos os traballadores que debían ser remunerados do mesmo xeito que os que se retribuíron co decreto anterior, aínda que o importe do complemento de produtividade corresponde á alcaldía.

2) Falei xa no pasado pleno de seriedade do equipo de goberno. E sigo insistindo hoxe.

Fixen as seguintes preguntas no pleno do 12 de setembro que non me foron contestadas: En canto á Wifi nos locais sociais, fixen unha moción aprobada por unanimidade no pleno de 9 de maio, preguntei no pasado pleno, e aínda non foi realizado. Tendo en conta que isto non supón ningún investimento, senón a petición ás propias compañías de telecomunicación, coido que seis meses son máis que suficientes para ter dotado estas redes nos locais sociais que xa contan con sinal de internet.

En canto ás altas e baixas dos contratos de saneamento e abastecemento. anos 2010 e 2011, despois destas “vacacións fiscais” aínda non recibín ningunha resposta:

Dicía no último pleno ordinario textualmente:

“Fai un ano, en concreto o 19 de setembro de 2011, a intervención deste Concello emitiu un informe sobre as altas do abastecemento e saneamento de auga.

Textualmente neste dicíase que ao longo do ano 2011 (entre xaneiro e agosto) se produciran altas sen que foran aprobadas nin en Xunta de Goberno nin por Resolución da Alcaldía, e tampouco constaba en tesourería o ingreso das respectivas taxas, cuxo importe ascendería a 4.550 €. Ademais, tampouco constaban os datos de 2010, ano no que entraran en vigor esta ordenanzas”.

Lonxe de defender estas ordenanzas, que neste apartado son unha auténtica animalada, o que non se pode consentir é que non se cumpran as ordenanzas reguladoras de servizo neste Concello, ou que haxa arbitrio á hora do seu cumprimento.

No propio pleno do mes de novembro, preguntei ao alcalde que tendo en conta este informe, porque non se cobraran eses contratos de altas en abastecemento e saneamento. O Sr. Alcalde dixo que me repostaría na seguinte sesión plenaria, mais nunca recibín resposta.

¿Porqué non se cobraron estas taxas de alta?

¿Cómo se vai a proceder para emendar esta gravísima irregularidade?

3) Tema alumeado.

Recibín no meu correo un rogo que paso a ler en relación co tema do alumeado:

Parece que se están a poñer bombillas novas máis enerxéticas, pero deberíase seguir co plan de acender farois alternamente nas rúas como pode ser a H. Ansemil en Lestedo. Neste caso concreto sobran as de un lado que alí hai claridade de máis.

Por outro lado deberíase podar as polas das árbores que tapan as farois porque hai en zonas que o alumeado é moi pobre por ese motivo. E nas obras de nova construción habería que distanciar as farois das árbores. Pode verse por exemplo na promoción de vivendas que fixo Lortes pois ó lado de cada farol puxeron unha árbore que dentro de dous, tres ou catro anos van tapar totalmente o farol.

O señor Calvelo fai as seguintes preguntas e rogo

1. ¿Vaiselle pedir responsabilidade a Estudio Técnico Galego polas continuas paralizacións do PXOM por eles elaborado?

2. ¿Qué partida económica contempla para a contratación do arqueólogo para o informe solicitado pola Xunta (Consellería de Cultura)?

O señor Alcalde responde a estas preguntas dicindo que nestes días están tendo xuntanza con eles para resolver este tema.

3. ¿Era este o primeiro PXOM que se ía aprobar na era Feijoo? O tempo sempre pon a cada un no seu sitio.

4. Os peregrinos séguense equivocando no Cruceiro de Castrelo. ¿custa tanto sinalizar axeitadamente ese cruce?

Neste punto o señor Canabal fai , así mesmo, o seguinte rogo: teño que dicir, que en concreto no caso do Cruceiro de Castrelo, parece un Bazar.

Eu rogo que se quiten os letreiros de casas comerciais do propio cruceiro e separalos deste. E non só do cruceiro de castrelo, senón de todos os elementos patrimoniais do concello. Creo que o seu coidado, tamén debe ser destes elementos antiestéticos.

O señor Calvelo di que está totalmente de acordo co señor Canabal e solicita que se poña unha placa e un sinal cunha frecha.

O señor Canabal di que o sinal debería situarse na parte de abaixo do camiño.

Responde o señor Alcalde que encargarse de solucionar este tema.

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Vº e praxe

O presidente